

ACORDOS DA 55 REUNIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA

DATA: **24 de novembro de 2022**

HORA DE COMEZO: **17:30**

LUGAR: **Biblioteca da Fundación Rof Codina**

ASISTENTES

Presidente

- José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, en representación de Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, presidente.

En Representación da Xunta de Galicia:

- Marta Barreiro Castro, secretaria territorial da Delegación da Xunta en Lugo, en representación de Javier Arias Fouz, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, vogal.

En representación da Universidade de Santiago de Compostela:

- Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, **vicepresidente primeiro**. Asiste por vía telemática.
- Gonzalo Fernández Rodríguez, decano da Facultade de Veterinaria de Lugo.

En representación da Deputación Provincial de Lugo:

- Pablo Rivera Capón, deputado provincial da Deputación Provincial de Lugo, en representación de José Tome Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo.
- Pilar García Porto, deputada provincial da Deputación Provincial de Lugo, vogal. Asiste de forma presencial

En representación do Concello de Lugo:

- Miguel Fernández Méndez, concelleiro do Concello de Lugo, en representación de Lara Méndez López, alcaldesa de Lugo, vogal.



- Rubén Arroxo Fernández, primeiro tenente de Alcaldesa, vogal.
- Beatriz Isabel Vázquez Belda, concelleira do Concello de Lugo.

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta reunión ordinaria anterior.
- 2.- Novos membros padroado
- 3.- Informe de Xerencia.
- 4.- Plan de acción 2023-25.
- 5.- Curso VIR veterinario.
- 6.- Organigrama.
- 7.- Retribucións vinculados e dirección.
- 8.- Informe actividade.
- 9.- Informe económico.
- 10.- Outros asuntos.
- 11.- Rogos e preguntas.

ACORDOS

1.- Aprobeuse por unanimidade a acta da sesión número 54 ordinaria do Padroado da FRC, correspondente ao día 29 de setembro de 2022.

2.- Aprobeuse por unanimidade nomear como membro do Padroado en representación da Universidade de Santiago de Compostela a Pilar Martínez García.

3.- Aprobeuse por unanimidade o Plan de Acción 2023-25. Este plan ten os seguintes obxectivos e medidas divididas en 5 ámbitos de actuación:

ÁMBITO 1.- FORMATIVO – DOCENTE

Obxectivo 1.1: Intensificar a relación docente HVU-RC – Facultade de Veterinaria.

- Acción 1.1.1: Convenio de Vinculación de profesorado.
- Acción 1.1.2: Dar resposta ás necesidades formativas do grao de veterinaria que poidan xurdir por modificación do plan de estudos

Obxectivo 1.2: Mellorar a formación especializada de graduados/as

- Acción 1.2.1: Curso de especialización en Actividade Asistencial Hospitalaria.

Obxectivo 1.3: Impartir formación de posgrao para profesionais do eido biosanitarios.

- Acción 1.3.1: Colaborar co HULA na organización de “trainings” para o seu persoal.
- Acción 1.3.2: Fomentar o uso das instalacións do CEBIOVET para formación de persoal sanitario

Obxectivo 1.4: Incrementar a colaboración coa Formación Profesional

- Acción 1.4.1: Utilizacións das instalacións da Fundación para as prácticas dos Graos de FP das ramas sanitaria e agraria.
- Acción 1.4.2: Promover a creación de formación oficial de ATV.

ÁMBITO 2.- INVESTIGACIÓN

Obxectivo 2.1: Aumentar a visibilidade e uso de CEBIOVET como infraestrutura de investigación

- Acción 2.1.1: Integración do CEBIOVET nas infraestruturas de Investigación da USC.
- Acción 2.1.2: Accións de promoción do centro dentro dos grupos de investigación da USC
- Acción 2.1.3: Busca activa de potenciais usuarios do centro coa colaboración de USC, Clúster Saúde, DIH Datalife...

Obxectivo 2.2: Potenciación da actividade investigadora propia.

- Acción 2.2.1: Sinatura de convenios con empresas/entidades para a realización de proxectos con persoal propio da Fundación.
- Acción 2.2.2: Realización dun plan de uso das infraestruturas de investigación da Fundación para a captación de fondos de I+D autonómicos, estatais e europeos.

ÁMBITO 3.- ASISTENCIAL

Obxectivo3.1: Mellorar a posición do HVU-RC como hospital de referencia

- Acción 3.1.1: Reorganización das áreas asistenciais.
- Acción 3.1.2: Aumento de profesional especializado/novas especialidades mediante a vinculación de profesorado da Facultade de Veterinaria á actividade clínica
- Acción 3.1.3: Conseguir un hospital sen papeis – dixitalización dos procesos de xestión asistencial.

ÁMBITO 4.- ORGANIZACIÓN – XESTIÓN

Obxectivo 4.1: Profesionalización da xestión e mellora da eficiencia dos sistemas de traballo

- Acción 4.1.1: Realización dun novo organigrama e RPT.
- Acción 4.1.2: Reorganización da área administrativa en áreas funcionais.
- Acción 4.1.3: Implantación de novos sistemas de autorizacións de compras, usos de vehículos e contratacións.
- Acción 4.1.4: Conseguir un hospital sen papeis – dixitalización dos procesos de xestión administrativa

Obxectivo 4.2: Mellora da eficiencia enerxética

- Acción 4.2.1: Implantación dun plan de eficiencia enerxética con accións a curto, medio e longo prazo

Obxectivo 4.3: Implantación Novo Marco Xurídico.

- Acción 4.3.1: Deseño de novo marco xurídico das relacións laborais, xestión administrativa,.. derivado da adscrición a USC

Obxectivo 4.4: Promoción da Igualdade e respecto ás persoas e de mellora das relacións laborais

- Acción 4.4.1: Implantación de plan de igualdade.
- Acción 4.4.2: Creación de protocolo contra o acoso laboral.
- Acción 4.4.3: Elaboración dun Plan de Formación para o persoal propio.

ÁMBITO 5.- PROXECCIÓN INSTITUCIONAL

Obxectivo 5.1: Intensificación das relacións coa profesión veterinaria e as súas institucións.

- Acción 5.1.1: Relanzamento da Asociación Española de Hospitais Veterinarios.
- Acción 5.1.2: Mellora da colaboración cos Colexios Veterinarios.

Obxectivo 5.2: Incremento das relacións coa contorna socioeconómica.

- Acción 5.2.1: Promoción da colaboración coas asociacións de Razas Autóctonas de Galicia seguindo o modelo existente co Club da Raza Can de Palleiro.
- Acción 5.2.2: Intensificar relación cos patróns da Fundación.
- Acción 5.2.3: Renovación e mellora de Convenios Existentes con diferentes entidades.

4.- Aprobouse por unanimidade a realización dun curso de perfeccionamento en actividade asistencial veterinaria – Curso VIR. Este curso servirá para formar as persoas recentemente graduadas en Veterinaria para que adquieran formación teórico-práctica. Terá o seguinte contido:


Duración: 1 año

Créditos: 17 ECTS

Programa:

1. MEDICINA INTERNA (5 ECTS)
2. CIRURXÍA E ANESTESIA (5 ECTS)
3. DIAGNOSTICO POR IMAXE (5 ECTS)
4. ANATOMÍA PATOLÓXICA (1,5 ECTS)
5. XESTION, DEONTOLOXIA (0,5 ECTS)

5.- Aprobouse por unanimidade o organigrama da Fundación Rof Codina. Este organigrama é o seguinte:



6.- Aprobouse por unanimidade o esquema de retribución de profesorado da Facultade de Veterinaria vinculado ao HVU-RC da e da dirección da Fundación. Ese esquema é o seguinte:

PROPOSTA DE PAGO PROFESORES VINCULADOS

Esquema de dedicación a actividades clínicas non lectivas

Tramo	Dedicación máxima semanal
I	Ata 5 horas
II	De 6 a 10 horas
III	De 11 a 15 horas
IV	De 16 a 20 horas

Para o esquema de pagamento téñense en conta as seguintes consideracións:

- A efectos de pagamentos considerarase que todos os **meses teñen 4 semanas**.
- Introdúcese un **pago para as xefaturas de servizo**, que teñen unha **responsabilidade de xestión e organización de servizos do HVU-RC**.
- O pagamento dos tramos será ponderado pola actividade clínica desenvolvida. **Considérase un nivel de actividade normal a realización de 5 actos clínicos por cada 5 horas de dedicación**. Por debaixo dese nivel haberá unha ponderación negativa e por encima positiva. Para o primeiro tramo de vinculación non existira ponderación negativa, posto que é o único tramo no que se permite a vinculación realizando só tarefas de xestión e organización sen actividade clínica.
- **Só computarán para a actividade aqueles actos clínicos que sexan facturados**.
- Para poder calculalo adecuadamente, **os pagos faranse no mes seguinte** da prestación do servizo segundo o informe da Dirección Veterinaria do HVU-RC.
- **No caso de que nun exercicio a Fundación Pública Galega Rof Codina**, entidade xestora do HVU-RC, **teña perdas económicas** globais, **no exercicio seguinte** os pagos de vinculados veranse afectados da seguinte maneira:
 - A **ponderación máxima por actividade será do 100%**.
 - No caso de **perdas**, que a Xerencia da FPG-RC considere **graves**, ademais da ponderación máxima, todos os pagos **reduciranse nun 25%**. As perdas sempre serán consideradas graves no caso de se produciren por segundo ou máis exercicios consecutivos.
 - Se transcorridos os primeiros seis meses do exercicio se recupera o equilibrio

orxamentario a Xerencia poderá decidir recuperar os pagos normais.

- O límite de gasto para o exercicio 2023 é de 120.000 €.

Esquemas de pagamento proposto:

Tramo	Dedicación semanal	Importe tramo	Actividade semanal	% Importe	Pagamento	Mensual	Anual
I	5 horas	85 €	< 4	100%	85,00 €	340,00 €	4.080,00 €
			4 a 6	100%	85,00 €	340,00 €	4.080,00 €
			> 6	135%	114,75 €	459,00 €	5.508,00 €
II	6 a 10 horas	165 €	< 8	75%	123,75 €	495,00 €	5.940,00 €
			8 a 12	100%	165,00 €	660,00 €	7.920,00 €
			> 12	135%	222,75 €	891,00 €	10.692,00 €
III	11 a 15 horas	240 €	< 12	75%	180,00 €	720,00 €	8.640,00 €
			12 a 18	100%	240,00 €	960,00 €	11.520,00 €
			> 18	135%	324,00 €	1.296,00 €	15.552,00 €
IV	16 a 20 horas	310 €	< 16	75%	232,50 €	930,00 €	11.160,00 €
			16 a 24	100%	310,00 €	1.240,00 €	14.880,00 €
			> 24	135%	418,50 €	1.674,00 €	20.088,00 €
Xefatura de Servizo						200,00 €	2.400,00 €

PROPOSTA COMPENSACIÓN GASTOS XERENCIA.

Proponse unha compensación para a Xerencia da USC polos gastos de desprazamento e asistencia cun límite anual máximo do 20% do importe total dos gastos anuais da anterior Xerencia e Tesourería, que ascendían a un total de 62.500 € anuais. Con esta limitación conseguirase un aforro mínimo do 80% dos custos respecto aos exercicios anteriores.
